



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767

cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es

centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE
REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO
CURSO 2014-2015

ÍNDICE

1. <u>INTRODUCCIÓN</u>	4
2. <u>LEXISLACIÓN</u>	4
3. <u>5º CURSO GRAO PROFESIONAL</u>	4
3.1 <u>OBXECTIVOS</u>	4
3.2 <u>CONTIDOS</u>	5
3.3 <u>METODOLOXÍA</u>	6
3.4 <u>CRITERIOS DE AV9ALIACIÓN</u>	7
3.5 <u>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	8
4. <u>6º CURSO GRAO PROFESIONAL</u>	9
4.1 <u>OBXECTIVOS</u>	9
4.2 <u>CONTIDOS</u>	9
4.3 <u>METODOLOXÍA</u>	10
4.4 <u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	10
4.5 <u>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	12
5. <u>RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	12
6. <u>ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS</u>	13
7. <u>ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS</u>	
<u>PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO</u>	14
8. <u>PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE,</u>	
<u>REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA SÚA</u>	
<u>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>	15
9. <u>PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A VALORACIÓN INTERNA NO</u>	
<u>DEPARTAMENTO</u>	15

1. INTRODUCCIÓN

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo. Ambos os aspectos, o funcional e o formativo, son indisolubles e complementarios.

Xa que logo, nos contidos básicos desta disciplina débeseles conceder un lugar prioritario aos procedementos ou modos de saber facer que, aínda que resultan de natureza diversa, se articulan ao redor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ao longo dos anos iniciais da educación instrumental e que a repertización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas

2. LEXISLACIÓN

- Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música.

3. 5º CURSO GRAO PROFESIONAL

3.1 OBXECTIVOS

1. Coñecer e poñer na práctica os conceptos musicais básicos da linguaxe musical.
2. Coñecer e poñer en práctica a harmonización na guitarra, establecemento dos acordes, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais, estado de raíz e inversións, abreviación, acordes sen raíz, acordes “slash”.

3. Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que constituen unha obra musical e os mecanismos propios dos diferentes sistemas musicais.
4. Aplicar o análise á lectura e transporte na guitarra de pezas guitarrísticas de acompañamento e doutras características.
5. Aplicar o análise á lectura de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento
6. Aplicar o análise á improvisación de melodías, acompañamentos ou creación de pezas completas segundo as directrices de cada momento.
7. Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
8. Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
9. Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

3.2 CONTIDOS

Acordes

- a) Coñecemento e práctica de acordes tríada e cuatríada.
- b) Coñecemento e práctica de tríadas superiores dos acordes, extensións dos mesmos.
- c) Notas características das funcións tonais.
- d) Concepto de nota a evitar (avn)
- e) Concepto de progresión harmónica

Improvisación

- a) Exercicios dun solo acorde aplicando diferentes estruturas rítmicas.
- b) Utilización de acordes tríada e cuatríada.
- c) Improvisación e desenvolvemento de estruturas rítmicas.
- d) Improvisación sobre progresións harmónicas en frases de catro e oito compases.
- e) Improvisación sobre patróns rítmicos.

Baixo cifrado

- a) Realización á guitarra de baixos cifrados.
- b) Práctica das diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
- c) Uso de diferentes progresións harmónicas e de rítmicas variadas.
- d) Realización de acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
- e) Introducción ao cifrado americano.

Lectura e Transporte

- a) Análise de obras para guitarra
- b) Lectura de “lead sheets”

3.3 METODOLOXÍA

As clases impartiranse individualmente ou en grupos de dous ou tres tendo en conta a ratio de atención individual que precisa a materia. As clases en grupo son máis enriquecedoras nos aspectos creativo e participativo. A interacción dos alumnos nas clases facendo a práctica dos contidos produce unha aprendizaxe máis rápida e sobre todo máis segura.

A estrutura das clases terá en conta cada día de clase a secuenciación en apartados dos contidos, adicando a cada un deles o tempo necesario en cada unha das avaliacións.

3.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Criterios de avaliación xerais da materia :

1. Valorarase o coñecemento e posta en práctica dos conceptos musicais básicos da linguaxe musical.
2. Valorarase o coñecemento e posta en práctica da harmonización na guitarra, establecemento dos acordes, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais, estado de raíz e inversións, abreviación, acordes sen raíz, acordes “slash”.
3. Valorarase a comprensión dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que constituen unha obra musical e dos mecanismos

proprios dos diferentes sistemas musicais.

4. Valorarase a aplicación do análise á lectura e transporte na guitarra de pezas guitarrísticas de acompañamento e doutras características.
5. Valorarase a aplicación do análise á lectura de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento
6. Valorarase a aplicación do análise análise á improvisación de melodías, acompañamentos ou creación de pezas completas segundo as directrices de cada momento.
7. Valorarase a mostra dos reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
8. Valorarase a práctica da improvisación no desenvolvemento da creatividade e da imaxinación musical.
9. Valorarase o emprego da lectura á vista e da transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

Criterios de avaliación do 5º curso:

1. Valorarase o coñecemento e práctica dos acordes tríada e cuatríada.
2. Valorarase o coñecemento e práctica das tríadas superiores dos acordes, e das extensións dos mesmos.
3. Valorarase o coñecemento das notas características das funcións tonais.
4. Valorarase o coñecemento do concepto de nota a evitar (avn)
5. Valorarase o coñecemento do concepto de progresión harmónica
6. Valorarase a realización de exercicios dun solo acorde aplicando diferentes estruturas rítmicas.
7. Valorarase a utilización de acordes tríada e cuatríada.
8. Valorarase a improvisación e desenvolvemento de estruturas rítmicas.
9. Valorarase a improvisación sobre progresións harmónicas en frases de catro e oito compases.
10. Valorarase a improvisación sobre patróns rítmicos.
11. Valorarase a realización á guitarra de baixos cifrados.

12. Valorarase a práctica das diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
13. Valorarase o uso de diferentes progresións harmónicas e de rítmicas variadas.
14. Valorarase a realización de acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
15. Valorarase o coñecemento inicial ao cifrado Americano.
16. Valorarase a análise de obras para guitarra
17. Valorarase a práctica da lectura de “lead sheets”

3.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregaranse tres tipos de avaliación:

1. **A inicial**, ou de diagnóstico, ao principio dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, trimestre, secuenciación dos contidos ou unidades didácticas.
2. **A formativa**, durante o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, para poder realizar os axustes para a consecución dos obxectivos.
3. **A final**, baseada no aprendido desde o principio ata o final do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

3.5.1 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

3.5.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

En setembro o alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

3.5.3 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

A concesión de ampliación de matrícula debe ser apoiada polo profesor quen debe valorar se o alumno merece pasar ao seguinte curso.

Os criterios para a ampliación de matrícula basearanse na consecución de tódolos obxectivos fixados para o curso.

4. 6º CURSO GRAO PROFESIONAL

4.1 OBXECTIVOS

1. Coñecer e poñer na práctica os conceptos da música modal.
2. Coñecer e poñer en práctica as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
3. Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto tonal.
4. Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto modal.
5. Coñecer e poñer en práctica o cifrado Americano.
6. Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”
7. Empregar a redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
8. Aplicar a transposición aos elementos harmónicos.
9. Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
10. Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
11. Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

4.2 CONTIDOS

Acordes

- a) Estructuras e superestructuras dos acordes.
- b) Desenvolvemento melódico-harmónico
- c) Notas características dos modos nun contexto modal.

Improvisación

- a) Improvisación melódica nun contexto tonal partindo dunha progresión harmónica.

- b) Concepto de motivo melódico
- c) Improvisación melódica nun contexto modal partindo dun acorde ou dunha escala modal.
- d) Improvisación melódica con notas auxiliares.

Baixo cifrado

- a) Cifrado Americano. Coñecemento do cifrado.
- b) Realización de acompañamentos a partir de “lead sheets”

Lectura e Transporte

- a) Redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
- b) Transposición dos elementos harmónicos.

4.3 METODOLOXÍA

As clases impartiranse individualmente ou en grupos de dous ou tres tendo en conta a ratio de atención individual que precisa a materia. As clases en grupo son máis enriquecedoras nos aspectos creativo e participativo. A interacción dos alumnos nas clases facendo a práctica dos contidos produce unha aprendizaxe máis rápida e sobre todo máis segura.

A estrutura das clases terá en conta cada día de clase a secuenciación en apartados dos contidos, adicando a cada un deles o tempo necesario en cada unha das avaliacións.

4.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Criterios de avaliación xerais da materia :

1. Valorarase o coñecemento e posta en práctica dos conceptos musicais básicos da linguaxe musical.
2. Valorarase o coñecemento e posta en práctica da harmonización na guitarra, establecemento dos acordes, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais, estado de raíz e inversións, abreviación, acordes sen raíz, acordes “slash”.
3. Valorarase a comprensión dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que constituen unha obra musical e dos mecanismos

proprios dos diferentes sistemas musicais.

4. Valorarase a aplicación do análise á lectura e transporte na guitarra de pezas guitarrísticas de acompañamento e doutras características.
5. Valorarase a aplicación do análise á lectura de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento
6. Valorarase a aplicación do análise análise á improvisación de melodías, acompañamentos ou creación de pezas completas segundo as directrices de cada momento.
7. Valorarase a mostra dos reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
8. Valorarase a práctica da improvisación no desenvolvemento da creatividade e da imaxinación musical.
9. Valorarase o emprego da lectura á vista e da transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

Criterios de avaliación do 6º curso:

1. Valorarase o coñecemento e práctica dos conceptos da música modal.
2. Valorarase o coñecemento e práctica as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
3. Valorarase a comprensión dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto tonal.
4. Valorarase a comprensión dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto modal.
5. Valorarase o coñecemento e práctica do cifrado Americano
6. Valorarase a realización de acompañamentos a partir de “lead sheets”
7. Valorarase o emprego da redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
8. Valorarase a aplicación da transposición aos elementos harmónicos.

4.5 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregaranse tres tipos de avaliación:

4. **A inicial**, ou de diagnóstico, ao principio dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, trimestre, secuenciación dos contidos ou unidades didácticas.
5. **A formativa**, durante o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, para poder realizar os axustes para a consecución dos obxectivos.
6. **A final**, baseada no aprendido desde o principio ata o final do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

4.5.1 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- c. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- d. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

4.5.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

En setembro o alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS

How to comp	Hal Crook	Ed. Advance Music
The Jazz theory workbook	M. E. Boling	Ed. Advance Music
Jazz Harmony	A. Jaffe	Ed. Advance Music
Teoría musical y armonía moderna V. I y II	Enric Herrera	Ed. Antoni Bosch
The New Real Book 1		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 2		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 3		Ed. Sher Music Co.
Jamey Aebersold series	J. Aebersold	Ed. Jamey Aebersold

6. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convirtan en desigualdades e desventaxas entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende os seguintes plantexamentos:

1.- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.

2.- Todos os alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo personal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.

3.- As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Asi mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a sobredotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendimento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que

afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

b) Adaptacións do material didactico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fara unha análise dos contidos da materia e preparara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

e) Acelerar o frenar o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías: actividades extra-escolares relacionadas coas artes e as relacionadas co desenvolvemento físico e persoal.

6.1 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO ARTÍSTICO

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno do conservatorio, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. O departamento fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

- Realización de cursos.

- Organización de concertos.
- Programación de intercambios co outros conservatorios.
- Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado

6.2 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL

É moi importante que como músicos e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fóssemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte.

7. PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso o departamento empregará as reunións para levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas do profesor.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados.

8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Na reunión final realizarase unha posta en común das impresións da cada un dos membros do departamento valorando o grao de comunicación, coordinación e efectividade do traballo acadado durante o curso.